

EMPRESA
ASETEM- CCA
beneficiase
dunha axuda a
prol da
promoción
económica da
Deputación P5

MELIDE
Retómase a
celebración da
XXXI Semana
da Música con
agrupacións da
comarca P13

COMARCA
A Oficina de
Turismo de
Santiso, un
espazo aberto á
veciñanza P18

ENTREVISTA



**Juan José Rodríguez,
Casa Juanito**
P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVI - Nº 189. Novembro 2021. Distribución gratuíta

Arrincan as charlas de 'Melide Comercio Saudable' co sorteo de 10 vales de compra

O vindeiro xoves 18 de novembro arrincan as charlas da nova campaña de ASETEM Centro Comercial Aberto, 'Melide Comercio Saudable'. Unhas conferencias nas que diferentes profesionais dos diversos centros sociosanitarios asociados impartirán para dar a coñecer unha pequena parte do seu traballo diario. Para este mes están programadas as charlas de Óptica Alain Afflelou e Flor de Toxo que nos falarán da saúde visual e da verdadeira historia dos cosméticos. P3



ASETEM-CCA celebrará a súa tradicional campaña de Nadal



ASETEM celebrará a súa tradicional campaña de Nadal a partir do día 1 de decembro. Este ano a contía de premios será de 6.000 euros repartidos nun de 2.000, dous de 1.000 e outros catro de 500 euros. P6

As ANPA da comarca esixen a cobertura do persoal de apoio



Unha vez máis, os centros educativos do rural da Terra de Melide véñense discriminados por mor dos recortes que a Consellería de Educación levou a cabo este curso con respecto ao persoal de apoio. P5

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Ir a unha consulta psicolóxica, un novo luxo do século XXI

Co paso da pandemia da COVID - 19 comezamos a visibilizar e “normalizar” os problemas de saúde mental, deixando multitudes de estigmas á un lado. Estamos nunha época complexa na que conseguir certa estabilidade emocional é practicamente unha utopía. A convulsa situación económica, os traballos precarios e coas relacións sociais deterioradas abócannos a un panorama no que manter unha boa saúde mental é unha fantasía do conto de ‘Alicia no país das marabillas’.

Segundo datos da Organización Mundial da Saúde, un 25% da poboación terá un trastorno mental ao longo da súa vida. O emprego é un dos principais eidos de estigmatización, xa que só un 5% das persoas cunha enfermidade mental ten un traballo regular e o 44% aseguran ter sufrido algún tipo de discriminación laboral.

Con estes datos a lóxica sería que contásemos cun sistema de saúde público que cubra todas as necesidades e atencións que precisan as persoas cun problema de saúde mental pero unha vez máis, esta



Ilustración para representar os problemas da saúde mental. / Foto: Campu

situación actualmente parece outra utopía. En España hai de media 6 psicólogos e psicólogas por cada 100.000 habitantes traballando no sistema público de saúde, a media europea é de 18. Dado este baixo número de profesionais no eido público, as listas de espera para poder ter unha consulta fanse interminables. Este feito tamén provoca que moitos médicos e médicas de familia decidan receitar ansiolíticos sen unha entrevista psicolóxica previa. Este panorama consegue que acudir a un psicólogo ou psicóloga cando unha persoa o precisa se vexa obrigada a fa-

celo pagando, algo que non toda a cidadanía o pode permitirse. Estamos nuns tempos nos que estamos conseguindo derribar estigmas arredor da saúde mental pero nos que ir a unha consulta psicolóxica é un auténtico luxo.

A sociedade precisa dun sistema de saúde público no que poder acudir a unha psicóloga ou psicólogo sexa como ir ao médico de familia cando temos gripe. Para que isto chegue a ser posible as administracións deben empezar a gastar o diñeiro público neste eido porque ter unha consulta psicolóxica non debería ser un luxo senón un dereito.

Tribuna de opinión

O pesadelo que dura os 365 días do ano

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Viñeta de Ricardo y Nacho publicada en El País no 2006. / Foto: El País

A violencia de xénero é moito máis que unha malleira; é máis que unha serie de insultos ou vexacións continuadas; é máis que utilizar os fillos e fillas como arma coa que facer dano ás nais; é máis que un home se crea no dereito de usar o teu teléfono sen permiso ou revisarche as túas redes sociais; é máis que dicirche como te tes que vestir para “non ir provocando”; é máis que esa sensación das mulleres cando regresan á casa de noite e o fan tentando darlle as costas ao medo; vai máis alá de ver á muller como un

obxecto que poder manipular, usar ou ter a cambio de cartos; é máis que crer que ser feminista é un adxectivo pexorativo; é máis que unha muller teña que cambiar de provincia ou ir a unha clínica privada, no caso de poder costearlo, para poder abortar; é máis que crer que son elas as que deben coidar os nosos fillos e fillas, os maiores ou persoas con dependencia. A violencia de xénero é unha praga que afecta a milleiros de mulleres os 365 días do ano, cantos 25 de novembro fan falta para que remate este pesadelo?

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

COLABORACIÓN: Cristina Fernández, CEIP Arcediago, Vanesa de Quinzán, Ana Mato, IES de Melide, Xosé García

AGRADECIMENTOS: Pilar López,

Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER20
- COLABORACIÓN.....21
- ENTREVISTA.....23

Arrincan as charlas de 'Melide Comercio Saudable' co sorteo de 10 vales de compra



Os carteis das charlas que se van celebrar ao longo do mes de novembro. / Foto: Cerne

O vindeiro xoves 18 de novembro arrincan as charlas da nova campaña de ASETEM Centro Comercial Aberto, 'Melide Comercio Saudable'. Unhas conferencias nas que diferentes profesionais dos diversos centros sociosanitarios aso-

ciados impartirán para dar a coñecer unha pequena parte do seu traballo diario.

Outro acontecemento importante de cada conferencia será o sorteo de 10 vales de compra por valor de 10 euros entre os asistentes a cada conversa. Es-

tes bonos serán válidos para gastar en todos os comercios locais asociados a ASETEM durante as vindeiras semanas ao acto. O importe dos vales que se sortean é asumido na súa totalidade pola asociación de empresarios e empresa-

rias da comarca, polo que a entidade fai unha inxección nos establecementos de proximidade, de como mínimo, 1.200 euros ao longo desta nova iniciativa arredor dos centros sociosanitarios.

A primeira charla vana impartir unha das xerentes de Óptica Alain Afflelou Melide, nesta exposición a profesional falará sobre a saúde visual. Esta charla será ás oito da tarde no salón de actos da sede da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide (situada na rúa Lino Sexto), para asistir non é preciso confirmar asistencia previamente, cubri-ranse as prazas por orde de chegada ata completar aforo.


Neste mes de novembro tamén será a quenda de Gema Torre, a responsable do centro Flor de Toxo Benestar, dará o luns 22 ás 20:00 horas, unha conferencia na que nos tentará explicar a verdadeira histo-

Aberto o prazo para que os negocios se inscriban nos bonos cultura da Xunta

O prazo para que os comercios relacionados co sector cultural se inscriban para que os e as usuarias poidan gastar neles os seus bonos de cincuenta euros segue aberto ata o vindeiro deza-oito de novembro.

É importante que os comercios locais se anoten a esta campaña, dada a boa acollida por parte da xente que esgotou os 39.000 bonos en menos de vinte e catro horas. Os comerciantes interesados en participar nesta iniciativa deben entrar na páxina web: www.bonoscultural.gal e inscribirse no apartado de establecementos.

Á hora de cobrar con este bono o funcionamento é o mesmo que nos Bonos Comercio Activo. En Melide ata o momento só está adherido aos Bonos Cultura a Librería Victorio.



PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- | | | |
|------------------------------|--|---|
| - Medición de terreos | - Partición de herdanzas (partixas) | - Fotos antigas do Catastro |
| - Catastro | - Informes periciais e valoracións | - Concentración parcelaria |
| - Segregacións e agrupacións | - Proxectos agrícolas | - Legalización de pozos e traídas de auga |
| - Imposto de sucesións | - Informes de validación gráfica alternativa | |

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)



LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

SABER DE LEI



Ana Mato Salgado
Avogada

Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

A violencia de xénero: alarmante

Dende o ano 2003 ata hoxe foron asasinadas 1.117 mulleres a mans das súas parellas ou exparellas. Unha cifra alarmante.

A violencia de xénero é a lacra social dos nosos tempos! Entendemos pola mesma; calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teñan ou poidan ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou persoal (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Até fai pouco a “violencia de xénero” formaba parte da vida persoal das persoas, era considerado como un asunto de familia que non debía transcender de portas para fóra, era unha clara subordinación respecto do home e implica asumir as relacións de poder historicamente desiguais entre ambos. E iso provoca que as mulleres non denunciaren, ben sexa por medo, vergoña e incluso por un sentimento de culpabilidade.

Hai diferentes tipos de violencia: a violencia física, aquela que ten como resultado o risco de producir unha lesión física ou dano; golpes, queimaduras, tiróns de pelo, empuurróns, lanzamento de obxectos, intentos de provocar abortos.... Este tipo de violencia é máis fácil de demostrar. A violencia psicolóxica inclúe toda conduta, verbal ou non

verbal que produce na muller unha desvalorización, insultos, menosprezos, intimidacións....Este tipo de maltrato é máis difícil de demostrar e provoca unha destrución da autoestima e da personalidade da muller. Violencia sexual, acoso sexual: o cal se dá dentro dun ámbito de superioridade laboral, docente ou análoga. A violencia económica: que se da cando se priva á muller de forma intencionada e non xustificada legalmente de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e dos seus fillos, neste caso o home maltratador considera a muller é incompetente e non administra ben e gasta os cartos en cousas innecesarias e toma malas decisións económicas.

Ademais deste tipo de violencias tamén existe a violencia vicaria, constitúe unha forma máis de violencia machista cuxa finalidade principal é causar o máximo dano posible á muller, provocando de tal xeito unha morte en vida, é moi común que esta violencia se exerza a través dos fillos. Hoxe en día existe en todos os xulgados existe unha quenda específica de violencia de xénero con asistencia letrada especializada no tema. No momento que unha muller decide denunciar por violencia de xénero ante a garda civil ou policía ten dereito a ser asistida por un letrado da quenda de maneira gratuíta, tanto en sede policial como no xulgado, para estar en todo momento asesorado a nivel legal.

Nos anos que levo na quenda de asistencia a vítima de violencia de xénero puiden comprobar que a violencia de xénero non entende de idade, de nacionalidade de nivel cultural ou económico, a pesar de que un 20% de adolescentes ou mozos de 15 a 29 cren que non existe a violencia de xénero e que tan só é un “invento ideolóxico”, un dato preocupante, xa que é aí onde hai que traballar a educación de xénero para que non se adiquiran ou se normalicen condutas que dan continuidade a lacra deste século. Algunhas maneiras de atallalo son: manter unha autoridade permissiva parental, evitar a violencia de xénero entre os pais, procurar non castigar senón gratificar, negociar mediante o diálogo, fomentar vínculos de respecto e igualdade entre todos os membros da familia. Tan só no 2020 tres menores foron asasinadas a mans da súa parella ou exparella, unha cifra que ascende a 37 dende que se comezaron a contabilizar os asasinatos machistas de menores en 2013. Moitas mulleres vítimas de violencia de xénero non saben que o son ao igual que moitos maltratadores tampouco saben que o son, por iso a educación neste campo é primordial para acabar con esta lacra. É de interese saber que nos concellos hai un CIM (Centro de Información á Muller) o cal está a disposición de todas as mulleres, no cal se prestan servizos de información e asesoramento á muller.

Hai máis mulleres asasinadas vítimas da violencia de xénero dende 2003, que persoas asasinadas por ETA en 50 anos de terrorismo. Alarmante!



**Véndese leña
picada de carballo**

Santa María de MELIDE

636 866 996



ASETEM beneficiaria dunha axuda a prol da promoción económica da Deputación



O presidente da Deputación, Valentín González, co presidente de ASETEM e a corporación municipal. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide é unha das beneficiarias das axudas aprobadas pola Deputación da Coruña para a promoción económica da provincia durante o 2021.

ASETEM - CCA recibirá 7.400 euros por parte da administración provincial destinados ao deseño, edición e distribución do xornal comarcal CERNE. Unha contía que colabora para que sexa posible producir e realizar este medio de comunicación gratuito, o cal facilita a chegada da información máis próxima á veciñanza así como darlle unha maior visibilidade aos establecementos locais asociados a ASETEM.

A xerente da asociación de empresarios e empresarias da comarca Terra de Melide valora de xeito positivo que a Deputación aporte unha contía para poder desenvolver o medio de comunicación que realiza ASETEM, o CERNE. Un servizo de gran importancia tanto para o asociados e asociadas como para as persoas que o len cada mes e que se informan a través do CERNE.

Esta liña de subvencións vai dirixida a entidades federativas e asociativas representativas dalgún sector profesional, comercial ou empresarial; asociacións da veciñanza e mulleres rurais, e cámaras de comercio.

O deputado socialista, Blas García, destaca a importancia destas axudas que “dan apoio ao comercio e á hostalería local, moi afectados pola crise económica derivada da pandemia, e impulsan o desenvolvemento económico e a creación de emprego”.

Outra entidade da comarca que resultou beneficiaria desta liña de axudas económicas da Deputación da Coruña, de xeito provisional e condicionada, é a Asociación de Hostalería Melide Móvese cunha contía de 7.500 euros para levar a cabo de novo o programa denominado ‘Melide Móvese’.

A asociación empresarial celebrou unha asemblea extraordinaria



Fotografía tomada durante a asemblea extraordinaria. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide celebrou na tarde do pasado xoves 28 de outubro unha asemblea extraordinaria para tratar asuntos de interese para todos os socios e socias.

Nesta reunión estiveron presentes por parte da directiva: Manuel Vázquez (presidente), José Ramón Villamor (secretario), José Valiño (tesoureiro), Emma Sanmartín (vogal), Juan José Rodríguez (vogal) e Pilar López (xerente) para expoñerlles ás persoas asociadas que asistiron os temas da xuntanza. Nesta asemblea tratáronse dous puntos do día: por unha banda, aprobouse a modifi-

cación do regulamento electoral de réxime interno, no que se recolle que para poder presentarse a unha candidatura para formar parte da directiva o socio ou socia ten que ter pagado alomenos tres cotas mensuais da asociación. Por outra banda, informar da concesión da axuda anual do departamento de Comercio, da Xunta de Galicia. Esta subvención destínase, entre outros aspectos, á creación e desenvolvemento de diferentes campañas que ASETEM-CCA realiza ao longo do ano para promover e impulsar o comercio de proximidade da comarca da Terra de Melide.

A Xunta de Galicia lanza o cuarto plan de rescate para empresas e autónomos



O presidente da Xunta, Núñez Feijóo, en rolda de prensa /Foto: D.Cabezón

O goberno autonómico lanza o cuarto plan de rescate destinado a persoas traballadoras autónomos e empresas afectadas na súa actividade pola crise sanitaria da COVID-19, que poderán solicitarse ata o vindeiro 29 de novembro.

Esta nova convocatoria é necesario realizala, xa que quedaron 134,4 millóns de euros por executar do terceiro plan de rescate no que só se recibiron 5.912 solicitudes, o que supón o 42%

dos fondos previstos para dita liña de subvención.

Dende a Xunta de Galicia alegan como motivo do mal funcionamento do terceiro plan de rescate as condicións “ríxidas e restritivas impostas polo Real Decreto Lei 5/2021, co que o goberno central regulou as axudas, especialmente pola obriga de destinar as mesmas ao abonamento de débedas”. Para esta nova liña de subvención o Goberno de España realizou algunhas modificacións, unha delas é o feito de que se poidan destinar os cartos para compensar custos fi-

xos non cubertos nos que se incorreu entre o 1 de marzo do 2020 ata o 30 de setembro de 2021.

Os requisitos para ser unha persoa beneficiaria por esta liña de axudas son os mesmos que nas anteriores edicións; polo que serán beneficiarias todas as traballadoras autónomas que tributen por módulos, que recibirán un máximo de 3.000 euros; así como o resto de traballadores ou empresas que tiverán unha caída de volume de máis do 30% no ano 2020 con respecto ao 2021, tiveran un mínimo de 4.000 euros.

O 1 de decembro comeza a tradicional campaña de Nadal de ASETEM - CCA



Dúas comerciantes asociadas recollendo o material da campaña de Nadal do ano pasado. / Foto: Cerne

O mércores 1 de decembro comeza a campaña de Nadal de ASETEM - CCA. Un ano máis a asociación empresarial da comarca vai desenvolver a súa tradicional iniciativa na época das panxoliñas.

Nesta edición a mecánica será a mesma que en ocasións anteriores, os comercios de proximidade

asociados terán que anotarse ao longo do mes de novembro para poder ter todo listo nos establecementos co arranque do mes de decembro. Para participar nesta actividade as e os responsables das tendas só teñen que chamar ao 981 50 61 88 en horario de mañá, enviar un correo electrónico a info@asetem.com ou ben achegarse

tem.com ou ben achegarse presencialmente ata ás oficinas de ASETEM - CCA.

O ano pasado, grazas ás medidas de restricións por mor da pandemia, gran parte da veciñanza deuse de conta de que no comercio local de Melide ten todo o que precisa para agasallar e sorprender os seus seres queridos nestas datas tan

especiais como é o Nadal. Dende a Asociación de Empresarios e Empresarias da comarca teñen confianza que en que esta campaña sexa todo un éxito grazas á boa experiencia dos e das consumidoras que o anterior Nadal agasallaron artigos dos establecementos de proximidade.

Este ano ASETEM - CCA sorteará 6.000 euros en premios distribuídos nun de 2.000 euros, dous de 1.000 e catro de 500. A maiores, o día do sorteo que se celebrará o vindeiro 14 de xaneiro sortearase entre as persoas asistentes unha tarxeta regalo dunha viaxe para dúas persoas.

Novo concurso de escaparates

Á campaña de ASETEM, por segundo ano consecutivo, hai que sumarlle o concurso de escaparates que o Concello de Melide organiza para os comercios de proximidade.

Nesta edición da competición só haberá unha categoría xa que non se fará distinción entre escaparate interior e exterior, compe-

tirán todos na mesma modalidade. Outra novidade deste ano é a contía dos premios xa que serán de: o primeiro, 1.500 euros; o segundo, 500; e o terceiro, 250 euros.

Nesta iniciativa poderán participar todos os comercios locais da vila que o desexen, independentemente do sector no que traballen. Os escaparates interiores e exteriores deben estar listos o 9 de decembro e aguantar ata o 6 de xaneiro de 2022. Para participar neste concurso os e as comerciantes poderán inscribirse escribindo ao correo electrónico promocionecomercio@concellomelide.gal antes do día 3 do mes de decembro.

O xurado terá en conta a orixinalidade, montaxe, estética, creatividade e ambientación propia do Nadal. Os compoñentes do xurado, decidirá por maioría os establecementos gañadores desta competición. A decisión anunciarase o vindeiro xoves 30 de decembro ás 20.30 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello de Melide.

Os 'Días Azuis' repartirán un total de 14.000 euros en premios en novembro



O establecemento 'Pasarela Moda', participante na campaña de Días Azuis da Xunta de Galicia. / Foto: Cerne

A Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galicia convocan unha nova edición da campaña 'Días Azuis' do comercio galego que se desenvolverá ata o

sábado 20 de novembro en todos os establecementos de proximidade asociados a ASETEM - CCA.

A iniciativa pon en xogo 14.000 euros en 32 tarxetas

moedeiro de 250 euros (8 por provincia) e outras 40 de 150 euros (10 por provincia) para que as persoas premiadas gasten nos pequenos comercios galegos

antes do vindeiro 30 de xuño do ano 2022.

Para participar nesta campaña da Federación Galega de Comercio as e os usuarios deben rexistrar as súas compras, independentemente do importe, realizadas nos establecementos locais na páxina web: www.diasazuis.com, así mesmo os propios comerciantes tamén poderán rexistrar os tickets no apartado das tendas para aumentar as posibilidades dos consumidores e consumidoras de gañar unha das tarxetas moedeiro. É moi importante que a persoa que fai a compra conserve o ticket orixinal ou ben unha fotografía para poder amosalo en caso de ser unha das persoas premiadas. O sorteo realizarase o próximo mércores 24 de novembro ante notario. Os gañadores ou gañadoras dos premios serán contac-

tados pola Federación Galega de Comercio para informarllas do premio obtido e cando será entregado. Así mesmo, os gañadores do sorteo publicaranse nesta mesma páxina web unha vez finalizada a campaña.

Os únicos requisitos que se esixen para participar nesta iniciativa é ser maior de 18 anos e realizar unha compra nun comercio de proximidade da comunidade autónoma. Ante calquera dúbida podes chamar ao teléfono gratuito 900 103 087 da Federación Galega de Comercio ou ben no número de ASETEM - CCA, o 981 50 61 88.

Esta tradicional actividade organizada e impulsada pola Xunta de Galicia busca promover o pequeno comercio galego así como premiar á cidadanía que realiza as súas compras nestes establecementos.

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAstábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE
AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE
ÓPTICA
E. 15-001238

A cantante Tania Veiras será peza clave na campaña especial de apoio ao comercio local



Tania Veiras, imaxe de ASETEM - CCA na última campaña da asociación á que asistiu. / Foto: Tania Veiras

Coa chegada do Nadal, a cantante e imaxe da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, Tania Veiras parti-

cipará activamente nunha campaña especial de apoio ao comercio local.

Esta iniciativa, que a artista fai de maneira total-

mente altruísta, consiste en que nas semanas previas ao Nadal, Tania Veiras, a través das súas redes sociais, fará un pequeno contido

para ensinar as páxinas web ou redes cos mellores agasallos dos establecementos locais que lle manifesten a súa intención de participar. Para anotarse é moi sinxelo, chega con que as e os comerciantes da vila envíen un correo electrónico a: veirastania@gmail.com.

Esta é unha campaña que tivo moi boa acollida o ano pasado, xa que “nesta época do ano todos e todas temos algo que regalar e sempre se agradecen as ideas”, comenta a reporteira de televisión.

Ademais, dado que Tania Veiras é, un ano máis, a imaxe de ASETEM - CCA e dos comercios asociados estase barallando a posibilidade de que a cantante veña presencialmente a Melide para, nos establece-

mentos que o desexen, realizar uns vídeos ou fotografías para publicar nas súas redes sociais ensinando os artigos ideais para agasallar este Nadal.

Como complemento a esta iniciativa na que se está traballando, ASETEM - CCA pon á disposición dos seus asociados as súas redes sociais para nas semanas previas ao Nadal ensinar os produtos ou servizos que desexen e poder chegar a un maior número de persoas. As persoas interesadas nesta actividade simplemente deben enviar as fotografías deses artigos ou servizos que queiran amosar cun breve texto a info@asetem.com. Con estas campañas nas redes a asociación busca impulsar e promover as vendas de Nadal nos comercios locais.

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola
Denominación de Orixe Protexida

queixo@arzua-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53

Denominación de Orixe Protexida

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

FEADER:
Europa invierte no rural



Revisión Auditiva GRATUITA

Pide tu cita en ☎ **981 506 228**

Praza das Universidades, 5 baixo
15800 MELIDE - A Coruña

- OTOSCOPIA- Exceso de cera
- AUDIOMETRÍA aérea y Ósea
Nivel pérdida auditiva
- UMBRAL DE INCONFORT - Intensidad sonora
Evitar molestias auditivas
- Información de SOLUCIONES AUDITIVAS

GRANDES
DESCUENTOS
EN MONTURAS
DE TODAS
LAS MARCAS*

**BLACK
WEEK**

¡ADELÁNTATE
AL BLACK FRIDAY!

DESCUENTOS
DE HASTA EL

80%
DESCUENTO



PIDE CITA
Y TE GUARDAMOS
EL DESCUENTO
DEL DÍA.

*Ver condiciones en óptica y en afflelou.es

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE - 981 50 60 97 (E- 15- 0012058)

ALAINAFFLELOU

f t i @asetemmelide

comercio
saudable

@s profesionais de saúde de ASETEM cos comercios da vila

agasallan con **vales de compra** para canxear nos comercios de ASETEM

CLÍNICA DENTAL ANA MARCOS CARDO

CLÍNICA DENTAL KARIM GAMIL QUINTELA

FLOR DE TOXO

INSTITUTO DE LA SORDERA

LATEXO LOGOPEDIA

MEIXELA CENTRO DE ESTÉTICA

ÓPTICA ALAIN AFFLELOU

ÓPTICA MELIDE

ÓPTICA TÁBORA

ORTOPEDIA ORTOSAÚDE

PARAFARMACIA ULLOA

TANIA ARIAS NUTRICIONISTA



ASETEM



O magosto e a auga da fonte

Non é nada doado saber onde acaba a idea romántica de vivir asentados no pasado, e onde empeza o axeitado mimo pola tradición. É difícil porque nunca se sabe cando os cariños son excesivos, cando nos agarramos a algo que xa temos máis por corazón ca por cabeza, e as tradicións normalmente teñen os pés de chumbo asentados no pasado, pero os brazos que tenden ao futuro son febles e non sempre poden co paso do tempo. Ocorre coa tradición do magosto. Cando eu ía ao colexio da Ponte (Arcediago, Santiso), faciamos o magosto todo o día, coas castañas asadas no lume, os nenos e mestras derredor da fogueira, as mans tisanadas, os vasos de plástico cheos de Fanta que sabía a día de festa, e as caras ledas, que acababan negras do tizón dos capóns. Hoxe facer un lume na escola soa a tolemia, e despois ocorre que temos que explicarles aos cativos as cousas de todos os días a través dun libro de fichas, e non a través da propia vida que lles pasa li-

xeira diante dos ollos. Por iso imos “modernizando” as tradicións e dándolles as castañas de sobremesa nun cucurucho de papel coma o que compran os turistas na entrada da Alameda de Santiago de Compostela. E así son os nosos miúdos, turistas dunha cultura que estudan nos libros (se o fan...) na mesma sesión, e coa mesma distancia, o magosto, o Samaín, e Halloween. A vida non pode ser un constante museo, nin as nosas inxenuidades se deberían alimentar da nostalxia, pero igual que non deixamos morrer aos vellos que nos deron a vida, non deberíamos deixar morrer tampouco os costumes, os feitos, as tradicións das que somos froito. Na “Galicia profunda” de Ourense os magostos seguen felizmente mantendo a vida. Nas súas brasas cae se cadra algún chourizo, algunha cunca de viño do ribeiro, algún encontro con xente que facía tempo que non se atopaba e, desesa maneira, vaíse escribindo outro capítulo dunha tradición que

non ten porque estar vencellada á xente da aldea, nin aos jallejistas do Bloque. Temos moito o vicio de asociar que todo o moderno, o novo e o importado é por definición mellor; pero a realidade é que igual que a auga segue sendo a mellor bebida para calmar a sede -por moito que a industria do márketing e os ultraprocessados inventen etiquetas rechamantes para meterse na nosa casa-, hai cousas que por máis que se reinventen, se bauticen de modernismo, se disfracen de palabras anglosaxóns, se asocien a xente con pouca cultura, seguen sendo a esencia.

E, poucas cousas hai con máis esencia ca ser felices brindando con auga da fonte.

Vanesa de Quinzán

“ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA CÓNTACHE...”



O TRASTORNO ESPECÍFICO DA LINGUAXE (TDL/TEL)



Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de
Castro, 3 Melide

É un trastorno grave e duradeiro que afecta á adquisición da linguaxe dende a infancia e podendo deixar alteracións na vida adulta. Pode afectar a un, varios ou todos os compoñentes da linguaxe (fonoloxía, morfosintaxe, semántica e pragmática) e tamén implica problemas do procesamento da linguaxe e abstracción da información significativa, dificultando o almacenamento e recuperación pola memoria.

A prevalencia deste trastorno está entre o 2 e o 7% da poboación infantil cun ratio de 2:1/3:1 para os nenos (2-3 nenos por cada nena) e presentarán alteracións no desenvolvemento da comprensión e/ou expresión da linguaxe de máis dun ano de retraso con respecto as/os nenas/os con desenvolvemento típico. Pode causar altos índices de fracaso escolar e problemas de integración social.

O TDL/TEL presenta características similares a un REL (retraso evolutivo da linguaxe, do que falabamos o mes pasado) pero tamén a un TEA (Trastorno do Espectro Autista). Polo tanto, cando se comeza a intervención, hai que ter en conta uns sinais de alarma que farán que a impresión diagnóstica sexa a acertada. Observaremos erros de simplificación fonolóxica propios de nenas/os máis pequenas/os, un vocabulario escaso e unhas estruturas sintácticas máis simples que as esperadas para a súa idade. Ata aquí, poderíase pensar nun REL, mais no caso do TEL, ademais veranse dificultades para repetir de forma correcta palabras novas e para a articulación de palabras longas e para recuperar en conversa palabras coñecidas, levando ao uso de xenéricos como “cousa”, “isto”, etc. Incluso poden observarse agramatismos, é dicir, dificultades coas

flexións verbais, a concordanza de xénero e número e un uso escaso dos pronomes. Ademais, obsérvase unha dificultade para a comprensión da linguaxe, sen ser capaces de seguir ordes/regras e presentan un baixo nivel de escoita, polos problemas comprensivos, que farán que se pense nunha perda auditiva que en casos máis complexos, faga pensar nun TEA. (fonte: infografía publicada por Colexio de Logopedas de Madrid, pola conmemoración do día internacional do TEL 2020). En moitas ocasións estes sinais non serán tan evidentes polo que a impresión diagnóstica deba ser revisada tras un tempo de intervención, nunca inferior a seis meses, tanto porque a evolución sexa máis positiva, descartando o TEA ou máis estacionaria, descartando entón o REL. É difícil identificar un TDL/TEL antes dos tres anos e incluso nesa idade

deben descartarse outras causas de alteración na linguaxe antes do diagnóstico pero debemos ter en conta que a atención temperá do trastorno é de suma importancia porque contribuírá a desenvolver o máximo potencial da/o nena/o mellorando as expectativas de evolución e permite á logopeda establecer un programa de intervención con recursos terapéuticos axustados ás súas necesidades. Ademais, axuda a diminuír o estrés familiar posto que se pode orientar de forma adecuada ás familias. O traballo da logopeda comezará coa avaliación e seguirá probablemente ao longo dunha etapa importante da vida da persoa con TDL/TEL, polo que se forxará un vínculo do que tamén dependerá parte do éxito da intervención.

Teléfono:
642 007 210

A FIN DO PETRÓLEO: O COLAPSO QUE SE VENTA

Nesta nosa cultura que nos asolaga cada día cunha enxurrada de datos e novas prescindiúbeis, abraia comprobar que apenas se fala dun dos maiores desafíos aos que se enfronta a humanidade, especialmente nos países ricos: o Peak Oil, ou pico do petróleo. O termo débemoslo ao xeofísico Marion King Hubbert e refírese ao intre no que acadamos o máximo nivel de extracción de petróleo e, a partir do cal, a dispoñibilidade de hidrocarburos entra nunha fase de declive terminal. Xa en 1971, Hubbert calculou que acadariamos ese pico do petróleo en 2005. O informe de 2010 da Axencia Internacional da Enerxía deulle a razón.

Aínda que o declive na extracción e produción de petróleo dende aquela está a ser gradual, este ano xa padecemos síntomas preocupantes de escaseza: corte de gasodutos tanto pola banda de Rusia como de Alxeria, incremento desorbitado no prezo dos carburantes e, en especial, do gas natural; racionamento do combustible en países como China; suba xeneralizada dos custes da electricidade; desaceleración do transporte marítimo internacional e curtes no fornecemento de compoñentes esenciais para diversas industrias; países como Alemaña ou Austria que comezan a instruír a súa poboación diante dun risco real de cortes no subministro eléctrico; etcétera.

Para quen pense que estamos diante dunha crise conxuntural, que o esqueza. Co paso dos anos, isto só pode ir a peor porque a produción de petróleo irá decrecendo e non hai ningunha fórmula máxica para substituílo: nin as enerxías renovábeis nin o transporte eléctrico poden achegarse sequera aos recursos e prestacións do petróleo e os seus derivados. De non mudar radicalmente o noso sistema económico e de seguirmos co actual nivel de consumo e extracción de recursos, imos directos cara a un colapso da civilización tal e como a coñecemos.

Só o impacto nun sector tan esencial como a produción de alimentos debería preocuparnos, pois o sistema alimentario actual non é posible sen petróleo. Pensemos só que a maior parte da nosa gandería aliméntase de cultivos procedentes de América por transporte marítimo; que a chegada dos alimentos ás nosas casas faise a través do transporte en camións por estrada; ou que os fertilizantes químicos e a maquinaria agrícola, esenciais para manter o nivel produtivo actual, dependen directamente do petróleo.

Diante da evidencia de que cada vez imos ter menos petróleo, igual non sobraba que a nosa clase política fose poñendo as pilas. Non vaia ser.

Artigo realizado por Xosé García, membro da Rede de Consumo O Careón

Inician os traballos para mellorar a seguridade viaria da zona do Folicheiro



A rúa do Folicheiro de Melide, onde se están comezando as obras / Foto: C.M

A administración municipal melidense leva a cabo as obras para mellorar a seguridade viaria da zona do Folicheiro, unha rúa moi transitada pola veciñanza para camiñar e facer de-

porte. Para conseguir este obxectivo o Concello creará unha senda peonil, a ambas veiras da vía, que contará, de media, con dous metros de ancho e cunha lonxitude de algo máis de 663 metros.

Neste proxecto tamén se inclúe a mellora da pavimentación existente, a creación dunha rede de recollida de augas pluviais, e no espazo de estacionamento para os vehículos vaise escarvar para retirar o material non aproveitable e enchelo de novo.

Toda as actuacións deste proxecto que se está levando a cabo en terreo de propiedade local teñen un orzamento de 99.321,35 € e os traballos durarán arredor duns catro meses, polo que en febreiro as obras deberían estar rematadas. Esta actuación permitirá conseguir unha zona máis segura, tanto para os peóns como para os vehículos, nunha zona de Melide con bastante tránsito.

Melide acolle un ciclo de charlas sobre a fin do petróleo e as súas consecuencias no día a día

Novembro 2021: Ciclo de conferencias en Melide

A FIN DO PETRÓLEO E AS SÚAS CONSECUENCIAS

Organiza: O Careón Colabora: VésperadeNada ASETEM

Ambas conferencias celebraranse no salón de actos do local da Asociación de Empresari@s da Terra de Melide (Asetem) ás 20:30 horas

19 de novembro
A escaseza de petróleo e materias primas e o seu impacto nas nosas vidas
con XOÁN DOLDÁN, profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago (USC)

26 de novembro
Accións prácticas para afrontar o descenso enerxético
con BEGOÑA DE BERNARDO, presidenta de Véspera de Nada e xerente do Centro de Resiliencia Pousadoira

Cartel do ciclo de charlas sobre a fin do petróleo en Melide. /Foto: R.C.R.O.C

A sala de actos da sede de ASETEM- CCA (rúa Lino Sexto, 7 en Melide) acolle un ciclo de charlas sobre a fin do petróleo e as súas consecuencias, unha iniciativa organizada pola Rede de Consumo Responsable O Careón.

A primeira das conferencias levará por nome 'A escaseza do petróleo e materias primas e o seu impacto nas nosas vidas', será impartida polo profesor de

Economía Aplicada da USC, Xoán Doldán, o vindeiro venres 19 de novembro ás 20:30 horas.

A seguinte charla será o próximo venres 26 ás 20:30 horas, na cal a presidenta da asociación 'Véspera de Nada' e xerente do Centro de Resiliencia Pousadoira, Begoña de Bernardo, tentará expoñerlle ao público asistente as accións prácticas para afrontar o descenso enerxético.

O PP denuncia o retraso de obras do anterior mandato

O Partido Popular de Melide denuncia o retraso da execución de obras por valor de máis dun millón de euros programadas e presupostas no anterior mandato cando goberna a formación conservadora.

A voceira local do grupo popular, Dalia García, comenta que durante o último goberno do PP "aprobáronse actuacións moi importantes para a vila que agora Adiante Melide e o PSOE tiveron que licitar, máis non é ético", uns feitos que definen como "xogo sucio". Algunhas das obras que García sinala como froito do traballo da súa formación é a remodelación da zona do Campo Grande ou a creación da senda peonil do Folicheiro.

O Partido Popular melidense fai fincapé en que as formacións que forman o goberno local actual "se cansaron de repetir que os populares non executaban os POS xogando co calendario e cunha lexislación moito máis complicada á hora de contratar e hoxe, cos proxectos feitos, uns pregos de contratación moito máis versátiles" afirman non ter noticia de obras propias.

Ademais, dende a bancada conservadora municipal acusan ao alcalde melidense, José Manuel Pérez, de "utilizar as redes sociais e os medios de comunicación locais para practicar a demagogia e instrumentalizar os medios ao seu antollo".

As ANPA da comarca esíxenlle á Xunta que incremente o persoal de apoio



Unha aula do CEIP Plurilingüe de Toques, un dos centros educativos afectados polos recortes. / Foto: Natalia Noguero

Unha vez máis, os centros educativos do rural da Terra de Melide véñense discriminados por mor dos recortes que a Consellería de Educación levou a cabo este curso escolar.

Co comezo das clases, os equipos de orientación dos centros de ensinanza realizaron as avaliacións de necesidades de atención (audición e linguaxe e pedagogía terapéutica) para

aquel alumnado con necesidades especiais, o cal se incrementou este ano. Estas avaliacións foron remitidas á Consellería de Educación, porén a resposta non foi a esperada xa

que a administración autonómica recortou de xeito notable o persoal de apoio.

Dada esta situación, as ANPAs da comarca (as das tres escolas e o IES de Melide, a do CEIP de Arce-diago e a do Plurilingüe de Toques), que representan máis de 1000 familias, esíxenlle á Xunta de Galicia a dotación urxente de persoal PT e AL para unha correcta atención formativa do alumnado con necesidades especiais. As asociacións da Terra de Melide de nais e pais do alumnado definen estas circunstancias como “discriminación no ámbito escolar” e “abandono ás necesidades especiais”.

As ANPAs fan fincapé na situación do colexio Mestre Pastor Barral, xa que conta cunha aula específica para a atención ás necesidades educativas especiais, pero non ten o persoal suficiente

para atender ao alumnado que o necesita.

Esta situación xa foi denunciada e comunicada por parte das ANPAs, de xeito individual, no pasado mes de setembro á Consellería de Educación sen obter ningunha resposta. Agora, unen forzas para solicitar: por unha banda, á administración autonómica atenda de xeito urxente estas necesidades en relación co aumento do persoal de apoio para atender ao alumnado con necesidades especiais; e por outra banda, se remate coa situación de discriminación que se está dando nas aulas ás que asisten escolares que precisan apoio, xa que “están a recibir unha atención insuficiente e precaria, que se agrava co avance do curso”, informan no escrito que lle enviaron tamén á Xefatura Territorial de A Coruña.

Retómase a celebración da Semana da Música coa súa XXXI edición



O grupo de baile da asociación ‘A Maristela’ de Sobrado nunha edición anterior da Semana da Música. /Foto: T. Melide

A celebración da Semana da Música da Terra de Melide retómase este mes de novembro coa edición XXXI logo de ter que suspenderse o ano pasado pola pandemia. Co lema: “en momentos como os que estamos a vivir a música non pode faltar, porque a música anima, relaxa, estimula, emociona e une”, a Coral Polifónica de Melide volve organizar este evento musical que se celebrará os

días 19,20,21,26,27 e 28 deste mes no Centro Socio Cultural Mingos de Pita ás oito e media da tarde.

Nesta ocasión actuarán máis de dez agrupacións e catro solistas da comarca. O venres 19 inaugurarán esta nova edición da Semana da Música os grupos ‘Cuarta Xusta’ e ‘A Bandida de Melide’; logo o sábado, será a quenda do grupo de gaitas ‘O Balado de Toques’ e ‘Os Melidaos’; o domingo fa-

rannos desfrutar a formación ‘Vide Preto’ e ‘Herba Grileira’; o venres 26 actuarán a charanga ‘Os amigos de Visantoña’, o grupo ‘Pozo Pequeno’ e os solistas: Xisela Garea, Irene Ruíz, Naiara Gómez e Xoán Curros; o sábado será a quenda de ‘Trisqueleiros’, a Asociación ‘A Maristela’ de Sobrado e a Banda de Música de Visantoña, e para rematar a Froito Novo, Suso Ascariz e a Coral Polifónica.

A veciñanza maniféstase contra o derribo de dúas casas na vila



As persoas que acudiron á manifestación diante do Concello. /Foto: Noguero

A veciñanza maniféstase contra a orde xudicial de derribo de dúas casas da propiedade dos irmáns Mosteiro Soto, situadas na rúa María Casares e construídas hai sesenta anos.

Á manifestación acudiron multitude de persoas que percorreron parte da vila melidense co cántico: “Concello, escoita, as casas non se tocan”, para expresar o seu rexeitamento á orde xudicial que obriga á

administración municipal a derribar esas dúas casas.

Nun escrito enviado á Valedora do Pobo, María Dolores Fernández, a familia manifesta: “necesitamos, sen dúbida, o apoio e a intervención dende a administración para poder chegar ao poder xudicial e intentar buscar algunha solución legal que mude esta resolución tan drástica”, polo que solicitan o amparo desta institución.

O concello de Melide súmase á rede de Destinos Turísticos Intelixentes



Unha boa parte da vila de Melide capturada dende as alturas. / Foto: Turismo de Melide

O concello de Melide incorpórase, xunto co resto de municipios da mancomunidade de vilas do Camiño Francés, ao listado da rede de Destinos Turísticos Intelixentes, unha plataforma na que os seus membros se unen para promover sinerxías e transferencias de coñecemento maximizando os beneficios da metodoloxía DTI.

Entre os concellos adheridos ao mesmo tempo que

Melide atopamos a Palas de Rei, Arzúa, Monterroso, Sarria ou O Pino.

Algúns dos obxectivos da rede de Destinos Turísticos Intelixentes son: fomentar a colaboración público - público e público - privada no desenvolvemento de produtos, servizos e actuacións dos DTI; e contribuír a garantir o liderado de España en materia de intelixencia turística a través das diversas actuacións.

Esta rede turística actúa en varios ámbitos cun enfoque interno, realizando accións de asesoramento na aplicación da metodoloxía e promovendo o intercambio de experiencias e boas prácticas entre os seus membros. A DTI tamén actúa nos eidos con enfoque externo dando visibilidade ao proxecto e aos DTI no ámbito nacional e internacional, difundindo todo o traballo realizado.

O Centro Social recupera boa parte da súa actividade diaria



Edificio do Centro Social de Melide. / Foto: Concello de Melide

Logo de dezaoito meses pechado por mor da pandemia, o Centro Social melidense recupera boa parte da súa actividade. A mellora da situación epidemiolóxica permite que as e os usuarios destas instalacións poidan volver empregalo de luns a domingo en horario de tarde de 15:00 a 21:00 horas.

A apertura do centro implica o poder recuperar servizos tan importantes para

as persoas maiores como son as actividades de dinamización durante todos os fins de semana.

Ademais, a concelleira de Política Social, Carmen Liñeira, afirmou que se vai reactivar o ciclo de charlas e as excursión. A concelleira valora positivamente a apertura do centro xa que “que os maiores poidan reiniciar a súa actividade supón un avance para eles cara a nova normalidade”.

Participación do alumnado do ciclo de madeira no campionato Galiciaskills



Tres alumnos participantes nesta edición do Galiciaskills 2021 celebrada en Ferrol. / Foto: IES de Melide

O alumnado do ciclo de madeira do IES de Melide participou no campionato galego de Formación Profesional Galiciaskills 2021.

Esta foi a sexta edición desta competición e nela o alumnado de carpintería e moble do centro de educación secundaria melidense

viaxou ata Ferrol para participar nunha das 23 categorías, todas elas relacionadas coas especialidades da Formación Profe-

sional que se imparte na nosa comunidade.

Os obxectivos deste campionato son diversos, dende que o alumnado participante mostre as súas destrezas na realización das diferentes probas; pasando por buscar darlle unha maior proxección e difusión á Formación Profesional en Galicia. O conselleiro de Educación, Román Rodríguez, definiu este certame como “un escaparate da calidade da FP galega, que permite visibilizar a aplicación destas ensinanzas e o traballo do alumnado, o profesorado e o conxunto do persoal dos centros, ao tempo que transmiten valores como o talento e a excelencia”.

Cabe destacar que este nivel de educación non dei-

xou de medrar nos últimos tempos, de feito, en dez anos incrementou un 74% o número de alumnado e un 92% a súa inserción laboral. Uns datos que amosan a tendencia positiva tanto por parte dos estudantes como das empresas por escolmar a Formación Profesional. Ademais, Román Rodríguez felicitou ao alumnado participante por facer que estas ensinanzas sexan “sinónimo de calidade, innovación, emprego e oportunidades de futuro”.

O ciclo de carpintería e moble do IES de Melide non é unha excepción, xa que a acollida do seu alumnado nas empresas unha vez finalizada a formación é moi boa, tendo en varias ocasións máis oferta de traballo que alumnado.

PROGRAMA DE APOYO A LA COMPETITIVIDAD
DEL COMERCIO MINORISTA


"DINAMIZACIÓN DEL COMERCIO DE MELIDE"



Unión Europea

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa





O peixe máis fresco!

R/ Gaiteiros Os Garceiras, 3 (Melide) Tlf.: 981 50 73 97



TRISQUEL
pasteleria

Pastelería artesá

R / Novoa Santos 32, Baixo • Melide

Teléfono: 981 50 50 98



RECAMBIOS
SANDO

JUAN JOSÉ SEGADE VILAR



TOTAL

Avda. de Lugo, 4 bajo B
15800 Melide (A Coruña)
sandomelide@hotmail.com

Tfnos.:
981 50 54 19
659 36 78 60



De onte, de
hoxe e de
sempre

Todo para o
teu coche



*Distribuciones
Mella*

Empresa de distri
buci n de alimenta

Rœa XoÆn XXIII -
Melide, A Coruœa
981 50 60 68

Volve abrir o albergue do Mosteiro de Sobrado logo da súa remodelación



O presidente Núñez Feijóo xunto cos relixiosos na súa visita ao albergue do Mosteiro. / Foto: Dolores Vázquez

Logo de varios meses pechado, o albergue do Mosteiro dos Monxes de Sobrado, xestionado pola orde do Císter volve abrir as súas portas unha vez totalmente remodelado.

Situado no chamado Claustro dos Peregrinos, este aloxamento para camiñantes presenta un aspecto renovado por completo. Antigamente, este albergue contaba con 120 prazas dis-

poñibles en varias estancias escuras do Mosteiro. Unha vez rematadas as obras quedaron uns habitáculos amplos cunha iluminación máis eficiente, instalación de ventilación e unha me-

llor accesibilidade dispoñibles para 98 peregrinos e peregrinas, dúas destas prazas para persoas con mobilidade reducida. As zonas comúns tamén foron renovadas, polo que agora o aloxamento conta cun comedor e zona de aseos moito máis modernos e accesibles.

As obras de acondicionamento tiveron unha inversión de 737.044 euros, tal e como informou, na visita do presidente da Xunta de Galicia, o prior Carlos Gutiérrez Cuartango quen afirma sentirse orgulloso e satisfeito co resultado dos traballos de remodelación. Ademais, o alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, fai fincapé en que “este mosteiro é o eixo fundamental do Camiño do Norte e débese traballar para que siga sendo unha xoia”. O presidente autonómico, Alberto

Núñez Feijóo, definiu estas instalacións como “o albergue máis fermoso do Camiño do Norte”, xa que destacou a súa emblemática localización “nunha xoia do barroco galego, un impresionante monumento, clave para entender o Camiño”.

O presidente da Xunta de Galicia tamén afirmou que a ruta do Camiño do Norte contará con dez albergues e 405 prazas. De feito, no veciño municipio de Vilasantar está previsto que o aloxamento de peregrinos e peregrinas estea finalizado para o mes de xaneiro do vindeiro ano. A remodelación e construción de novos albergues implica tamén unha acción de impulsar e promover o Camiño do Norte, ruta que cada ano conta con máis persoas que deciden chegar a través del a Santiago de Compostela.

O alumnado do CEIP de Arcediago coñece o patrimonio de Santiso



Alumnado do CEIP de Arcediago e o traballador do Museo Terra de Melide durante a actividade. / Foto: ANPA

A ANPA do CEIP de Arcediago vén de organizar, en colaboración co Museo da Terra de Melide, unha actividade para que o alumnado desta escola coñeza o patrimonio das parroquias do concello de Santiso.

Esta quedada foi a primeira do curso escolar e dende a ANPA fan fincapé en que todas as iniciativas son abertas a toda a comunidade educativa así como á veciñanza do municipio.

O sábado 16 de outubro,

dentro do proxecto EU son Santiso!, subvencionado polo departamento de cultura da Deputación da Coruña, o persoal do Museo da Terra de Melide fixo de guía por unha andaina na que se percorreron os ele-

mentos históricos, arqueolóxicos, naturais e etnográficos de Santiso. Algúns destes enclaves foron: o chanto da Pontenova, o hórreo de Quinzán, o sartego de Serantes, o cruceiro de Novela ou o ídolo de Vimianzo.

Grazas a esta actividade cultural e educativa, o alumnado do CEIP de Santiso coñeceu e puxo en valor diversos elementos distintivos do seu concello dun xeito divertido e práctico. Unha iniciativa semellante á realizada por outros centros educativos como o IES de Melide, onde ao longo do curso o persoal do Museo da Terra de Melide lles ensina parte do patrimonio da vila a través de andainas. Unha boa maneira de ensinalle ao alumnado a historia do seu municipio e tamén de divulgarla.

Por outra banda, a entidade de pais e nais da escola de Arcediago como colaboradora do programa ‘Proxecto Ríos’ da asociación para a defensa ecolóxica de Galiza (ADEGA),

organizou unha xornada de inspección do Río Ulla ao seu paso pola Cornella, tramo do caudal adoptado polo alumnado do CEIP de Arcediago para realizar dita actividade.

Os resultados obtidos a partir da inspección realizada enviáronos ao programa de ‘Proxecto Ríos’ para a súa inclusión no anuario do Estado dos ríos na Galiza. A inspección realizada neste control do Río Ulla constou de diversas probas como, por exemplo, a observación dos invertebrados que habitan no río ou a análise do osíxeno, PH e nitratos presentes na auga do Ulla.

O patrimonio histórico e natural do concello de Santiso é o eixe das actuacións que, ao longo deste curso, desenvolverá a ANPA do CEIP de Arcediago. A súa posta en valor entre os máis cativos do municipio asegurará a súa supervivencia e, dende a directiva da asociación, mostran a súa enorme satisfacción pola acollida que ambas actividades acadaron.

A OFICINA DE TURISMO DE SANTISO, UN ESPAZO ABERTO Á VECIÑANZA

“A Oficina de Turismo de Santiso busca divulgar o patrimonio do concello entre veciñanza e visitantes”

No antigo edificio do Concello de Santiso, no lugar de Agro do Chao, atópase a Oficina de Turismo do municipio. Un espazo amplo e reformado que lembra ás casas señoriais dos que antigamente tiña un alto poder adquisitivo. O entorno tampouco deixa indiferente xa que a entrada á finca está presidida por uns carballos que nesta época forman unha alfombra natural pola que entrar neste departamento local. Unha boa mostra do que o persoal desta oficina de turismo di ser o maior atractivo deste concello interior para as persoas que o visitan, a paisaxe.

Os obxectivos desta área da administración municipal están claros: por unha banda, “divulgar o patrimonio do concello non só entre os turistas, senón tamén entre a veciñanza para que poidan valoralo, conservalo e mellorar o seu acceso” e, pola outra banda, “atender as consultas e dúbidas que poidan ter os visitantes e a os veciños e veciñas”, destaca o traballador da Oficina de Turismo de Santiso.

Para as persoas amantes do sendeirismo, da bici ou das rutas a cabalo Santiso tamén é unha excelente opción para disfrutar dos días libres, debido a que conta con dúas rutas homologadas: ‘O sendeiro de Visan-toña’ e ‘A ruta da Beseña’ para facer a pé; outras dúas para bicicletas: ‘As dezasete de Santiso BTT’ (setenta quilómetros) e ‘Ruta ao largo do Ulla’ (vinte e cinco quilómetros); e outra ruta circular para realizar a cabalo con gran parte do percorrido arredor do encoro de Portodemouros. Todas estas andainas e recursos pódense consultar na páxina web do Concello de Santiso (www.santiso.gal)



A exposición de abeancos.gal que se pode ver na Oficina de Turismo do municipio. / Foto: Oficina de Turismo Santiso

ou nas redes sociais da Oficina de Turismo desta localidade, tanto en Instagram como en Facebook. De feito, o persoal deste departamento crea moito contido para conseguir que “estas ferramentas dean a coñecer Santiso a moita xente dun xeito totalmente gratuíto”, afirman dende a Oficina de Turismo.

Unha das últimas iniciativas levadas a cabo nas redes sociais foi a de amosar todas as casas rurais dispoñibles en Santiso, unha actividade que tivo o seu traballo previo xa que, tal e como nos conta o traballador de turismo “logo da pandemia non sabiamos que casas ían seguir abertas e cales non pero grazas a este traballo agora temos unha base de datos actualizada que todo o mundo pode visualizar cando o precise ou queira”. Esta campaña tivo moi boa acollida nas redes sociais, polo que dende turismo confían que en poida animar á xente a visitar Santiso e

quedarse nalgún destes aloxamentos da vila.

Nestes últimos meses a administración municipal está traballando para atraer e animar á veciñanza e aos visitantes a diferentes puntos icónicos e turísticos de Santiso. Unha destas medidas que se están levando a cabo neste eido é a construción dun miradoiro sobre o Río Ulla, encima da chamada Fonte Santa na parroquia de Belmil. Unha fonte de augas sulfurosas, das que cheiran a ovos podres nada máis achegarse, e que a veciñanza bebía en xaxún cada ano durante nove días do mes de setembro, dado que son consideradas medicinais para enfermidades como a asma ou problemas no aparato dixestivo; segundo a información aportada por Cristina Vázquez e Xurxo Broz, persoal do Museo da Terra de Melide. Sen dúbida, esta fonte é outros dos lugares que visitar cando unha persoa se achega ata Santiso, xa que as lendas que roldan

sobre ela e as súas dotes curandeiras non deixan a ningún indiferente. O que si se debe ter en conta para visitar a Fonte Santa de Belmil é a época do ano, xa que durante uns meses queda somerxida nas augas do encoro, ao igual que sucede coa inscrición de Mourazos, tamén no concello de Santiso. Xunto ao mi-

radoiro haberá un panel explicativo con toda a información sobre a Fonte Santa para todas as persoas que non coñecen a historia. Dende este punto tamén se poderá gozar dunhas magníficas vistas do encoro de Portodemouros, así como a Ponte de Agra que é a que une a parroquia de Belmil coa de Agra (esta última xa no Concello de Agolada, na provincia de Pontevedra).

Ademais, dende a Oficina de Turismo de Santiso convidan a todos os turistas a realizar unha viaxe no transbordador ‘Azulón Primero’ que comunica a aldea de Beigondo con Loño (unha parroquia do Concello de Vila de Cruces) e serve para disfrutar dunhas maravillosas vistas da paisaxe natural destas vilas do interior galego. Antes de marchar de Santiso, recoméndanos pasar pola parroquia de Vilar de Ferreiros onde se atopa un dos pazos mellor conservados de toda Galicia que durante dez ou quince anos deu nome ao propio municipio, polo que nun tempo se chamou Concello de Vilar de Ferreiros.



Fonte Santa de Belmil en Santiso. / Foto: Xoan Arco da Vella

A estrada que une Chorén e A Cruz contará cunha senda para os peóns

A estrada provincial DP-7901, ao seu paso por Santiso, contará cunha senda peonil para mellorar a seguridade viaria da zona. A Deputación da Coruña vén de adxudicar por 198.699 euros para a realización destas obras.

Estes traballos levaranse a cabo nun tramo duns 1,5 quilómetros, dende o punto quilométrico 0+130 ao 1+600 da vía que conecta as aldeas de Chorén e A Cruz. Esta estrada é unha das principais arterias de comunicación do concello de Santiso, debido a que une a vía AC-840 co lugar de A Cruz, onde se atopa o edificio da administración municipal.

Na actualidade, a veciñanza que reside nestas aldeas non dispoñen dun espazo seguro polo que camiñar. Ademais, nesta estrada atópanse diferentes elementos, como é o caso



A estrada DP-7901, ao seu paso por A Cruz antes das obras. / Foto: Cerne

de varios contedores, que dificultan a súa mobilidade e que reducen considerablemente a visibilidade dos vehículos que circulan pola vía. Unhas circunstancias que supoñen un risco tanto para o tránsito de peóns como para o tráfico rodado que pasa pola zona.

A senda peonil discurrirá ao mesmo nivel que a calzada e contará cunha anchura de metro e medio. Tamén se crearán espazos específicos para os contedores da zona eliminándoos dos lugares nos que supoñían un obstáculo para a visibilidade.

O cruceiro de Serantes foi derrubado de novo



O cruceiro da parroquia de Serantes totalmente derrubado. / Foto: M.T.M

O cruceiro da parroquia de Serantes (en Santiso) foi derrubado de novo por un vehículo.

Este tipo de accións contra o patrimonio común son do máis frecuentes, nelas os prexudicados son este tipo elementos totalmente vulnerables e que non contan con ningún tipo de protección, o cal supoñería “unha solución sinxela que non implica

nin esforzo económico, nin físico”, tal e como comentan dende o Museo Terra de Melide.

Este non foi o único cruceiro da comarca e arredores en sufrir graves danos provocados por vehículos, xa que os das parroquias de Visantoña, Zas de Rei, Liñares e Maroxo (o cal aínda non recuperou certas partes) tamén se viron afectados por un derrube.

A exposición fotográfica ‘Camiños de Auga’ do GDR pasa pola parroquia de Furelos



Algunhas das fotografías da exposición ‘Camiños de Auga’ na parroquia de Furelos (Melide). / Foto: Camiños de Auga

A exposición fotográfica ‘Camiños de Auga’ do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo chegou á parroquia de Furelos en Melide no seu percorrido polos nove concellos nos que a enti-

dade realiza todas as súas actividades e campañas.

As fotografías deste proxecto chamado ‘Camiños de Auga’ son froito, na maioría dos casos, do traballo do fotógrafo galego Adolfo Enríquez. Os principais e máis

importantes obxectivos desta nova iniciativa promovida polo GDR Ulla Tambre Mandeo son: por unha banda, que as e os peregrinos que percorren o Camiño Francés disfruten das fotografías e que se ani-

men durante a súa estancia na comunidade autónoma a visitar algúns dos lugares reflexados nos cadros así como que os coñezan; pola outra banda, promover o interese turístico destas localidades.

O lugar escolmado no concello de Melide para acoller esta mostra, un espazo natural polo que transcorre o Camiño de Santiago e que marca a chegada a vila melidense para as e os peregrinos. Nas trinta fotografías de ‘Camiños de Auga’ pódense ver lugares destacados da zona como a lagoa e o mosteiro de Sobrado, o encoro de Portodemouros, rutas fluviais a carón do Río Ulla, áreas recreativas, varias Igrexas románicas, ou diversos elementos etnográficos como o Batán de Mezonzo de Vilasantar. Outro sector que tamén ten o seu oco nos paneis fotográficos é a gastronomía propia desta zona de Galicia.

Os cadros que forman parte de ‘Camiños de Auga’ miden un metro de alto por un metro de ancho e en cada un aparece unha imaxe acompañada dun texto explicativo para situar e contextualizar os lugares da fotografías.

Esta exposición móbil enmárcase nunha ampla e intensa campaña de promoción turística das comarcas do Ulla Tambre Mandeo financiada por organismos públicos como a Deputación da Coruña e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia, a través do coñecido Programa Leader. Unha das múltiples iniciativas que o GDR desta zona leva a cabo durante todo o ano para impulsar e promover o sector do turismo, así como darlle unha maior visibilidade ás comarcas do interior galego dando a coñecer algúns dos seus lugares máis emblemáticos e destacados.

A AGXPT participa na vixésima asemblea da Asociación Europea do Xogo Tradicional



Manolo Charrancas, representante da AGXPT, con Pere Lavega, reelegido Presidente da AEXDT. / Foto: AGXPT

O representante da Asociación Galega dos Xogos Populares e Tradicionais, Manolo Charrancas, viaxou ata a pequena vila de Svetvinčenat (Istria - Croacia) para asistir á vixésima asemblea xeral da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais.

Esta importante asemblea celebrada os días 21 e 24 de outubro en Croacia, incluíu diversos actos e concentracións de xogos para conmemorar os vinte anos de vida desta asociación que engloba, na actualidade, máis de cen entidades de toda Europa

na salvagarda, na investigación e na difusión dos xogos e deportes tradicionais.

En palabras dos membros da AGXPT manifestan que “a existencia da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais e o seu vigor actual, non veñen máis ca poñer en evidencia o mo-

vemento que existe arredor dos patrimonios lúdicos nacionais, e do propio patrimonio lúdico común”. Boa mostra desta corrente son os centos de proxectos de toda índole que procuran que os xogos tradicionais ocupen o lugar que lles corresponde e merecen no século XXI.

De feito, en Galicia, dende principios deste século comezaron a nacer numerosas iniciativas que se desenvolven arredor do patrimonio lúdico galego, un dos “máis ricos da península”, tal e como afirman dende a AGXPT. A existencia de asociacións, centros educativos, empresas e museos, entre outros, permiten, a día de hoxe, desenvolver un amplo catálogo de proxectos que van tomando forma e fan posible albiscar con certo optimismo o futuro dos xogos e deportes tradicionais. Na AEXDT hai tres entidades galegas federadas que son: Brinquedia, o Museo Etnolúdico, e a propia AGXPT.

O videoclip da Muiñeira de Melide xa está na rede

O videoclip da peza titulada ‘Muiñeira de Melide’ do gaiteiro melidense Suso Ascariz xa se pode ver na plataforma dixital de Youtube. Esta peza de música tradicional é unha das incluídas no CD do libro ‘A gaita na Terra de Melide’ que Ascariz sacou o pasado xuño ao mercado.

Neste vídeo musical aparece o propio gaiteiro Suso Ascariz xunto con varias das súas alumnas tocando por diversos lugares emblemáticos de Melide como son O Castelo, o río Furelos ou algunhas das rúas máis antigas da localidade. Un dos obxectivos do gaiteiro desta comarca para este videoclip era dar unha imaxe de como eran os antigos cuartetos de música tradicional. Nesta peza audiovisual as e os músicos están vestidos co traxe tradicional galego, o que contribúe a crear unha atmosfera idónea.

OS CASTROS



Fotografía aérea dos Castros na parroquia de Santa Mariña de Brañas (Toques). / Foto: abeancos.gal

Os Castros, localizados na aldea de Santa Mariña de Brañas no Concello de Toques é un dos xacementos máis importantes e representativos da comarca da Terra de Melide, así como o castro de maiores dimen-

sións e altitude dado que se sitúa a 695 metros.

Logo das escavación realizadas durante os anos 1988 e 1990 por un equipo arqueolóxico da Universidade de Santiago de Compostela puídoase saber que

neste castro se produciron, como mínimo, dúas fases de ocupación. A primeira delas vai dende finais da Idade de Bronce ou principios da de Ferro (700 a.C), caracterizada por fondos de cabanas de planta circular,

de madeira, delimitadas por pedras fincadas. A segunda fase sería de cronoloxía romana (séculos I e II d.C), neste caso as edificacións teñen forma rectangular, con esquinas redondeadas e divididas en varias estancias. As vivendas deste período contan con muros de aparello ca-

chotería e pavimentos de xabre no interior.

A día de hoxe, aínda se poden ver as estruturas habitacionais que foron descubertas nas campañas de escavación, no interior da croa. O estado de conservación é bo e totalmente accesible para todas as persoas que queiran velo.



Fotografía tomada nos días de escavación nos anos 1988-90. / Foto: M.G. M

Corazón de tinta Alumnado do IES Melide



Ven ao meu colíño, parrula


Coma calquera día entre semana, atopábame facendo a compra no Gadis cando de súpeto, unha lata azul de galletas roubou toda a miña atención. Unha gran cantidade de sentimentos emerxeron xunto a memorias que me encheron de morriña. Alí me atopaba, no medio e medio do corredor sostendo o brillante obxecto, mentres recordaba unha persoa que moito quería.

Volvíame sentir coma calquera día de había trinta anos, cando debía ter seis. Segundo entraba correndo pola porta, decontado atopábame con aquela imaxe tan familiar: miña avoa sentada na súa butaca, tecéndome uns novos miudiños calcetíns de la, coas súas gafas postas no fondo do nariz e a manta tapándolle os xeonllos, xa que, como ben se queixaba ela, sempre as tiña coma a neve. Podía tamén escoitar a voz de miña nai de fondo, berrando por min para descalzarme, pero eu facía oídos xordos xa que o que máis quería sempre ao chegar a aquela casa era aninhar no colo da avoa.

Atopábame chea de ledicia, enfrascada na habilidade que tiña a muller á hora de tecer, e como me prestaba escoitar a súa voz preguntándome que a que xogara na escola, mentres me chamaba de mil maneiras diferentes: miñaxoia, parrula, ruliña, pequecha...

Tras volver en min, deume a arroutada de aprender a tecer: o inverno estaba cerca e facíanme falla uns calcetíns que abrigasen. Tamén levei a lata de galletas danesas, porque como dicía miña avoa: "Nalgún lado gardarei os agullas, ou?".

Manuel Conde Carrera



Casa Juanito



Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio



Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

Arcedia é unha fada

Ao remate do recreo.

Subía polas escaleiras que levan ao primeiro andar, onde tiña clase cos nenos e nenas de 5º e 6º curso cando, ao xirar cara ao segundo tramo, e, polo rabiño do ollo, crin ver unha sombra de cores saíndo do baño das nenas que liscaba axiña deica a clase de Educación Infantil onde María José lle sorría dende a porta.

Tamén escoitei tras miña un portazo na biblioteca, onde sabía de certo que non quedaba ninguén cando soou o timbre para saír ao patio, e vin como Alfonso a pechaba coa chave que gardou no peto da súa chaqueta.

Seguín subindo, coma non querendo darlle importancia aos feitos que viña de observar a sabendas de que aquilo non era cousa da miña imaxinación.

Espelinme de súpeto, pensei que esta noite non fun quen de acadar o descanso suficiente para ter hoxe un bo día, así que razoei que o cansazo que arrastro toda a semana íame xogar máis dunha mala pasada. Pero tamén de que era venres, polo que todo remataría para ben a iso das dúas e cuarto.

Logo de facer un té na cunca de corazóns, co que viña soñando dende que saín da casa, senteime na sala de profesores e, sen querer, tirei o tan desexado líquido, caendo a maior parte na alfombra, o que provocou unha mancha enorme.

Abrín a fiestra para que corra o ar e secase canto antes, cando observei que a mancha semellaba a silueta dunha nena que xogaba ao trompo e quedei paralizada observándoa durante un bo anaco de tempo.

-Xuraría que a forma me resulta familiar, pero... a quen me recordaba esta singular figura?

Entretívenme tanto que María non tardou en entrar a buscarme.

Falamos do que pasou e tranquilizoume sacándolle importancia. Díxome que o día soleado estaba tamén moi ventilado, así que aquilo desaparecería axiña.

Collín entón a guitarra e fun para a clase, onde para a miña sorpresa, os nenos permanecían calados e quedos (cousa ben rara neles). E agora, sabía de certo que non estaba a sufrir alucinación algunha e que acontecían cousas moi estranas esta mañá. E tamén de que tales acontecementos estaban a afectar a máis persoas ca min.

Miguel, por exemplo, non deixaba de dar voltas buscando as gafas que levaba enriba da testa sen se decatar...

Os nenos non se movían. Decidín abrir unha fiestra da clase, así que o ar fresco da mañá e a corrente que se fixo encheron o espazo e os pequenos semellaron espertar de súpeto.

Diante deles, íase producir o fenómeno máis estrano e fermoso que os ollos humanos poidan testemuñar.

Ó carón do estante dos libros, un feixe de luz comezou a saír.

Coma nas tracas das festas, unha luminaria de cores daba voltas e máis voltas polo teito da clase ante o estupor de todos e, aínda que non daban creto, ninguén dixo ren.

As cores subían e baixaban, facían círculos sobre si mesmas e tamén espirais e curvas que semellaban o arco da vella. Paraban de súpeto, volvían a elevarse por riba das testas dos nenos, introducíanse nas súas mochilas, nas carapuchas dos xerseis, na funda da miña guitarra ...

Valentina non puido máis e botouse a chorar así que Sheila, solícita coma é sempre, e nun alarde desa protección que, semellando unha nai pequeniña como sempre demostra ser cos máis novos da escola, tapoulle os ollos coas súas mans namentres lle dicía ao ouvido que aquilo era unha experiencia marabillosa e que non debía ter medo.

Dende logo, ela estaba a desfrutar e a súa faciana era o puro reflexo da ledicia por vivir aquel intre en primeira persoa, así que tamén se sabía protagonista desta fantasía.

Da mesma maneira que comezou o estrano suceso, así tamén rematou.

As luces concentráronse na metade da clase, afundíndose unhas nas outras e comezaron a dar forma a descoñecida para os nenos pero que para min xa era moi familiar.

Unha muller, mestura de nena e adulta, vestida cun traxe de miles de cores, e cuns petos enormes e avultados. Tiña na man esquerda unha buxaina e na dereita, unha maleta verde de cartón, e observábaos coma se os coñecera de sempre cun xesto que mesturaba ledicia e picardía, contaxiándolles moita tranquilidade, a mesma que se lles negou durante toda a mañá, e que agora, ao fin, inundando o ar, os enchía de relouco ata penetralos por completo. -Chámome Arcedia, son unha fada e vivo na fraga. Quero ser a vosa amiga e axudarvos cando teñades calquera problema.

Arcedia díxolles que cando a necesitasen mirasen cara á fraga e que a chamaran, que ela sempre estaría disposta para eles, sobre todo se o que querían era rirse e pasar xuntos un bo intre.

Fixeron unha gran festa a que foron todos os nenos e nenas da escola e mailos profesores e profesoras.

Ensinoulles a xogar á buxaina e lles regalou a cadanseu un ramiño de lavandas e así, ao cabo dun anaco, o grupo sabíase o máis unido e amigo do mundo.

Cando rematou a mañá, a fada envolveuse nun feixe de luz e, elevándose polo ar,

saíu pola fiestra, tan veloz coma un raio deixando tras de si un recendo a caraveis que encheu a clase por completo.

Os nenos e as nenas viron como se afastaba ata pousarse nun clareiro do bosque e souberon así onde vive Arcedia, e onde teñen que ir cando queiran saber dela.

E tamén saben xa que alí, no fogar dunha fada, van ser sempre moi ben recibidos.

Os alumnos e alumnas de 3º e 4º cursos, que xogaban debaixo da maceira, foron cubertos por unha especie de orballo de cores que tinguiu os seus cabelos.

As súas meixelas semellaron posuídas por un efecto tensor, que estarricaba as comisuras dos seus beizos, debuxándolles un longuísmo sorriso que lles permaneceu nas facianas deica a hora da cea.

Arcedia non é unha pantofo. Ela é un ser máxico que habita na fraga, coñece remedios feitos con herbas que recolle e que atesoura na súa maleta verde.

Vive dende hai uns trescentos anos para procurar ledicia e ilusión aos nenos e as nenas, cubríndoos coas cores da ilusión cada vez que xuntos viven unha historia ou lles saca as castañas do lume.

Dos petos do seu vestido saen as solucións para todos os males que lles acaecen aos máis febles e trócaos por remedios que non fan ren se non se lle amosa un sorriso sincero.

Dende a biblioteca do CEIP Arcediago onde Arcedia acompaña sempre as nosas lecturas, bo novembro!

Marga Piñeiro Díaz
CEIP de Arcediago



JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ, CASA JUANITO

“Unha persoa que merca en Casa Juanito é porque busca uns produtos de gran calidade”

Casa Juanito é un establecemento dos de toda a vida, de feito, é o comercio máis antigo de Melide. No ano 2018 recibiu a medalla de Ouro outorgada pola administración local pola súa longa traxec-

toria. Na conversa con Juan José Rodríguez, a cuarta xeración ao mando, destaca o orgullo que sente por poder continuar co negocio que o seu bisavó, Juan Rodríguez Ureña, abriu polo ano 1910.

- Que queda do negocio que abriu Juan José Rodríguez Ureña (teu bisavó)?

- Juan José Rodríguez (J.R): Principalmente queda o máis importante, a gran calidade dos produtos que vendemos. Antigamente a tenda non estaba tan enfocada cara a alimentación, de feito vendíase de todo, dende parafusos ata roupa interior.

- Casa Juanito é un comercio que nunca deixou de actualizarse co paso dos anos.

- (J.R): Non, Casa Juanito sempre intenta ir cos tempo pero sen perder a súa esencia que é a calidade dos artigos. A día de hoxe, estamos valorando a posibilidade de facer unha páxina web para que se nos coñeza máis fóra e así poder incrementar as nosas vendas no exterior. Neste momentos Casa Juanito xa ten clientela de toda España e doutros países como Alemaña ou Italia pero a súa maneira de contactar con nós é só por teléfono. Os compradores fannos o encargo cando nos chaman e nuns días téñeno na súa casa, aínda que esta estea a centos de quilómetros de Melide.

- Como vos chegan a coñecer en sitios como Valencia ou Múnic?

- (J.R): Polo boca a boca. Nun tipo de negocio como é Casa Juanito o que mellor funciona é o ir de boca en boca por xente que vén comprar, gústalle o teu produto e a túa atención e logo vaite ir recomendando ás persoas que coñeza pola súa boa experiencia. Este comportamento da clientela benefíciate moito máis



Juan José Rodríguez, responsable do negocio, no seu establecemento Casa Juanito. / Foto: Cerne

que ter unha gran promoción ou publicidade en internet e nas redes sociais.

- De onde proveñen os produtos que tedes a vender no comercio?

- (J.R): Son artigos que veñen de toda España. Por exemplo, o “pimentón” que é un dos grandes produtos de Casa Juanito vén de Murcia, as legumes de Salamanca, a améndoa de Málaga ou o viño de misa que chega dende Tarragona. Non obstante, tamén temos moitos artigos galegos como son o Albariño ou todas as conservas. Polo tanto, chega mercancia de moitos puntos diferentes da península porque buscamos sempre traer o mellor produto para venderlle aos nosos compradores e compradoras. Estamos convencidos de que a calidade é o que nos fai distintos, o que marca a diferenza en canto a mercar en Casa Juanito

ou nunha gran superficie de alimentación como poden ser os supermercados.

- No teu caso xa es a cuarta xeración ao cargo do establecemento, nos compradores tamén hai relevo?

- (J.R): Si, por suposto. Temos clientela que tamén son a cuarta xeración da familia que compran no noso comercio, así como no caso dos produtores que nos proporcionan algúns dos artigos que vendemos.

- O Nadal está á volta da esquina, que produtos de alimentación tedes típicos destas datas?

- (J.R): Pois dos artigos que máis destacan esta época do ano son: as uvas pasas e os figos que os vendemos a granel. Ademais, para o Nadal tamén teñen moi boa saída as cestas que facemos por encarga. Estas cestas, que normalmente son para regalar, poden ser

do tamaño que a persoa queira e co que cada un desexa meterlle. Son cestas moi coidadas cunha boa presentación, bonitas e coa que te aseguras que vas levar todos os produtos de moita calidade. As cestas é unha das cousas que máis demandan para mandar tamén para fóra de Galicia.

- Cal é o segredo de que logo de 111 anos a veciñanza siga vindo mercar a Casa Juanito?

- (J.R): Saben que aquí van atopar os artigos que, por moito que busquen, non encontran en ningún outro lugar. Os melidenses, a xente da comarca e a dos concellos limítrofes tendo grandes superficies de alimentación novos e actuais seguen vindo a Casa Juanito, igual que o facían hai 100 anos os seus familiares. O produto de calidade que mercan aquí non o teñen nun supermercado.

Por exemplo, as e os compradores saben que o mellor bacallau está no noso negocio, ao igual que as conservas, os froitos secos e as legumes a granel ou a gran variedade de bebidas.

- Nun establecemento de alimentación coma este non tedes nin un só día de descanso.

- (J.R): Non o temos, estamos abertos os 365 días do ano. Eu neste caso sería partidario de abrir só os domingos de feira (o último do mes), xa que o motivo polo que se facía antigamente era porque a veciñanza das aldeas só subía o domingo a Melide e era cando aproveitaba para facer a compra. Porén, agora o tema cambiou e case todo o mundo ten un coche na casa co que subir á vila durante a semana. Hai que ter en conta que abrir un negocio todas semanas sen un día de descanso é un traballo duro. No noso caso temos sorte porque nos tornamos e entón tes varios domingos para descansar pero tamén o precisas.

- O mellor de ser o responsable de Casa Juanito é...

- (J.R): Sen dúbida o orgullo de poder continuar o legado de meu bisavó. Levar en activo 111 anos e que o negocio siga funcionando é algo moi complicado, poucos casos se poden atopar como o de Casa Juanito. Para min é un auténtico orgullo ser o responsable do negocio de meu bisavó.

Casa Juanito

Rúa Mateo Segade
Bugueiro, 39
15800, Melide

Tlf: 981 50 51 03



¿Probar sus audífonos antes de comprarlos?
Sí, es posible

Instituto de la Sordera

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.
Descubra nuestra nueva revolución



La solución adecuada para usted

INVITACIÓN Presente esta invitación para realizarle UN ESTUDIO AUDITIVO GRATUITO

cep
CENTRO ESPECIALIZADO PROBAR



Ronda da Coruña, 34
 Melide - A Coruña
 Tel.: 981 50 72 87
 648 75 47 61

E-15-001359



Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.

LA MEJOR TECNOLOGÍA
 SATISFACCIÓN GARANTIZADA